

MEMORIA FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MAR

O Decreto 50/2021, do 11 de marzo, publicado no DOG nº 58, do 26 de marzo de 2021, aprobou a estrutura orgánica da Consellería do Mar, introducindo algunhas novidades na mesma con respecto á anterior (fixada no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aprobou a estrutura orgánica da Consellería do Mar, modificado polo Decreto 39/2018, do 5 de abril). Actualmente está en trámite unha nova modificación da dita estrutura orgánica.

Polo anterior, resulta preciso axustar a relación de postos de traballo (en adiante RPT) da Consellería do Mar á súa actual estrutura orgánica e á modificación da mesma que se está tramitando. Esta nova RPT ten que ser confeccionada tendo como punto de partida a vixente RPT da Consellería do Mar aprobada por Acordo do Consello da Xunta do 2 de agosto de 2018 e publicada por Resolución da Consellería de Facenda, do 3 de agosto de 2018 (DOG, núm. 157 do 20/08/2018), e ademais de servir para adaptala á estrutura orgánica, inclúe outras modificacións necesarias para que a RPT, como instrumento de organización e deseño dos postos de traballo, responda en maior medida ás necesidades da Consellería do Mar.

A.- ADAPTACIÓN DA RPT Á ESTRUTURA ORGÁNICA VIXENTE

Coa aprobación do Decreto 50/2021 e da norma que o modifica (actualmente en tramitación), que estruturan a Consellería do Mar ata o nivel orgánico de xefatura de servizo, resulta preciso adaptar a RPT a estas disposicións, realizando as modificacións necesarias derivadas directamente dos cambios de estrutura ata ese nivel. Pero ademais, para unha eficiente organización dos seus recursos humanos, os cambios na Consellería do Mar tamén deben alcanzar, dentro dos niveis inferiores á xefatura de servizo, a aqueles postos que sexa preciso. En definitiva, faise necesario que a RPT da Consellería do Mar sexa fiel á estrutura orgánica vixente e, ao mesmo tempo, reorganice os efectivos para o seu mellor aproveitamento dentro da nova estrutura. Nos apartados seguintes, descríbense, por centro directivo, as variacións propostas.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



A.1. - A CONSELLEIRA OU O CONSELLEIRO

A Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia ten dependencia directa da persoa titular da consellería e a súa estrutura non se veu alterada; non obstante, co obxecto de mellorar o seu funcionamento, precísase a reorganización dos efectivos do Servizo de Gardacostas de Galicia que, por afectar tanto aos servizos centrais como aos servizos periféricos, expónse nun apartado posterior desta memoria.

Coa aprobación do Decreto 50/2021 creouse, tamén baixo a dependencia directa da persoa titular da consellería, a Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, que se inclúe nesta RPT. Esta nova subdirección xeral garante a necesaria separación de funcións entre os órganos xestores do gasto asociado ao FEMP e o equipo que realiza a súa verificación. Ata o momento estes labores de verificación eran realizados polo Servizo de Coordinación e Control de Fondos dependente da Subdirección Xeral de Innovación Tecnolóxica da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Por este motivo, dependendo desta nova subdirección xeral, incorpórase o Servizo de Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, anteriormente Servizo de Coordinación e Control de Fondos dependente da Subdirección Xeral de Innovación Tecnolóxica, na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, que cambia de ubicación, denominación e código na RPT.

NOVA RPT			CORRESPONDENCIA RPT ANTERIOR	
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	CÓDIGO ANTERIOR	DENOMINACIÓN ANTERIOR
PEC010000215770001	SUBDIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN, SEGUIMENTO E VERIFICACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA	30	-----	NOVA CREACIÓN
PEC010000215770015	XEFATURA SERVIZO DE VERIFICACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA	28	PEC030000115770050	XEFATURA SERVIZO COORDINACIÓN E CONTROL DE FONDOS

A Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, de acordo coas previsións da vixente estrutura orgánica é a encargada de dirixir e coordinar as verificacións previstas no artigo 125, números 4, 5, 6 y 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013 (RDC), coas seguintes funcións:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
 Edificio Administrativo San Caetano, s/n
 15781 Santiago de Compostela
 T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- A planificación, seguimento e control na execución do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, en coordinación e colaboración cos organismos intermedios xestores deste fondo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- A realización das actuacións de verificación sobre as operacións financiadas con este fondo, de conformidade cos regulamentos comunitarios e a restante normativa de aplicación.

Corresponden ao Servizo de Verificación do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca as seguintes funcións:

- a) Garantir que as operacións obxecto de financiamento europeo respectan a normativa comunitaria, nacional e rexional aplicable.
- b) Realizar as actuacións de verificación administrativa e sobre o terreo que cubran os aspectos administrativos, financeiros, técnicos e físicos das operacións.
- c) Rexistrar os resultados derivados das medidas antifraude adoptadas por todos os organismos intermedios de xestión, así como as medidas adoptadas en relación coas sospeitas de fraude identificadas e notificar esta información á autoridade de xestión.
- d) Colaborar coa autoridade de xestión na coordinación e atención ás visitas de control que os órganos nacionais e comunitarios con competencia nesa materia realicen aos organismos intermedios de xestión.
- e) Propoñer a corrección das irregularidades e incidencias observadas nos informes de control para que o OIG encargado da xestión informe á autoridade de xestión dos resultados desta corrección.
- f) Garantir que se dispón de toda a documentación sobre o gasto, as verificacións e as auditorías necesarias para contar cunha pista de auditoría apropiada.
- g) Deseñar e implementar os procedementos de verificación e declaración co obxecto de certificar o gasto.
- h) Subministrar ao organismo intermedio de certificación toda a información e documentación solicitadas sobre os procedementos e verificacións efectuadas en relación co gasto para os efectos da súa certificación.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Para asumir esa carga de traballo, a nova subdirección xeral e o servizo que se lle adscribe non dispoñen de postos de traballo, polo que se fai necesario reforzar a súa dotación de persoal coa creación dunha xefatura de Sección. Polo tanto, baixo a dependencia do Servizo de Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, proponse a creación dunha XEFATURA SECCIÓN DE VERIFICACIÓN E SEGUIMIENTO (PEC010000215770020), de nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1, e da área funcional económica-orsamentaria.

A.2.- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Non se produce ningún cambio na estrutura orgánica deste centro directivo, pero resulta necesaria a creación de tres postos de traballo na Vicesecretaría Xeral para a mellora na eficiencia dos seus servizos:

1.- XEFATURA DE NEGOCIADO DE APOIO (PEC020000115770025), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2 e da área funcional xurídica, no Servizo de Apoio Técnico-Normativo.

O Servizo de Apoio técnico-normativo é actualmente un órgano unipersoal que precisa contar co apoio dunha xefatura de negociado no exercicio das funcións que ten atribuídas. O Decreto 50/2021, de 11 de marzo introduce dentro das funcións do Servizo o apoio a Asesoría Xurídica na tramitación dos recursos contencioso-administrativos e demais asuntos litixiosos nos que a Consellería do Mar sexa parte interesada. Este traballo inclúe a coordinación da documentación relativa ás demandas e recursos interpostos na vía xurisdiccional contra actos da Consellería do Mar, é en concreto a remisión dos expedientes aos órganos xudiciais, a remisión de expedientes e informes a Gabinetes Xurídicos, a xestión da caixa do correo dos órganos xudiciais, o mantemento da base de datos de sentenzas, as xestións relacionadas coa execución de sentenzas e funcións de arquivo. Ao longo de 2021 contabilizáronse 246 expedientes remitidos a xulgados e sentenzas o que pode dar unha idea aproximada do volume de traballo que se xestiona.

Destácase tamén que o xefe do servizo de Apoio técnico-normativo ten atribuída a Secretaría do Consello Galego de Pesca, que funciona a través de Pleno e 10 Comisións sectoriais. A función de Secretaría leva asociado a tramitación das convocatorias, preparación do despacho de asuntos, redactar e autorizar as actas así como a expedición de certificacións dos acordos adoptados, tramitacións das indemnizacións por asistencia ademais das funcións de arquivo da documentación xerada.

Para mellorar o funcionamento do servizo faise necesario contar cunha nova xefatura de negociado que dea soporte a todas estas tarefas, tendo en conta

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



que teñen que tramitarse en prazos determinados marcados polos xulgados, e, no caso do Consello de Pesca, polas convocatorias de Pleno e Comisións.

2.- XEFATURA DE NEGOCIADO DE RÉXIME INTERNO E APOIO (PEC020000115770035), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2 e da área funcional de persoal, no Servizo de Persoal.

Para o cumprimento das funcións atribuídas ao Servizo de Persoal polo Decreto 50/2021, do 11 de marzo, a unidade conta actualmente, ademais de coa Xefatura de Servizo, cunha Sección de Persoal (dotada coa xefatura de sección, un Negociado de Persoal Funcionario e un Negociado de Persoal Laboral) e cunha Sección de Habilitación e Seguridade Social (dotada coa xefatura de sección e unha Habilitación). Ata o mes de xullo de 2020 contaba ademais cun posto base que tiña atribuídas, coa supervisión correspondente, as funcións de tramitación de licenzas, permisos e vacacións, control de Incapacidades Temporais, solicitudes de tarxetas identificativas, control e dispensa de bonos de cafetería e as que ocasionalmente se lle puideran encomendar.

Producida a xubilación da persoa encargada deses trámites, estes foron asumidos polos outros compoñentes do servizo, especialmente dos da Xefatura de Sección de Persoal, véndose así mermada a súa eficacia e capacidade de resposta, polo que resulta necesaria a creación dunha xefatura de negociado, dentro da mesma sección, que terá encomendadas as anteriormente citadas tarefas de tramitación de licenzas, permisos e vacacións (media aproximada de 2.200 expedientes ao ano), control de Incapacidades Temporais (ao redor de 40 expedientes anuais, cos correspondentes partes de baixa, confirmación e alta), solicitudes de tarxetas identificativas, control e dispensa de bonos de cafetería, e ademais fará funcións de apoio á xestión do servizo, especialmente no que se refire ao mantemento das bases de datos e á organización e arquivo dos expedientes custodiados pola unidade.

3.- XEFATURA DE SECCIÓN DE TRAMITACIÓN (PEC020000115770047), de nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1, da área funcional técnico-xurídica, no Servizo Técnico Xurídico.

No Servizo Técnico Xurídico existen actualmente dúas seccións xurídicas ás que lles corresponde a elaboración das propostas de resolución de reclamacións e recursos administrativos formulados contra actos e resolucións ditados polos distintos órganos da consellería, percibindo nos últimos tempos un substancial incremento que se pon de manifesto de forma

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



gráfica vendo os datos dos últimos anos; así en 2019, en canto a recursos en materia de axudas recibíronse 77 recursos, 35 en 2020 e 541 recursos en 2021, que dado o seu volume aínda non se resolveron na súa totalidade e xeraron un retraso importante no Servizo. A isto hai que engadir os que se acumulan do ano 2022, a día de hoxe 40 pero coa previsión dos recursos que entrarán proximamente nesta materia debido a execución dos fondos europeos.

En recursos de alzada relacionados co exercicio de actividade pesqueira, marisqueira, e de acuicultura (renovación de recursos, permisos de explotación, etc...) no 2022, a día de hoxe, téñense rexistrado 22 recursos, que aínda non están resoltos na súa totalidade, recibíronse 78 recursos no ano 2021, tendo recibido 114 en todo o ano 2020 e 67 no ano 2019. Este tipo de recursos exixen celeridade na súa resolución xa que en ocasións, a eventual estimación ou desestimación determina a posibilidade ou non de que as persoas podan desempeñar a súa actividade pesqueira ou marisqueira, co prexuízo que pode xerar para a Administración as eventuais reclamacións de responsabilidade patrimonial derivada dos ingresos deixados de percibir.

Compre salientar tamén, que en 2022 celebraranse as eleccións nas Confrarías de Pescadores, correspondéndolle ao Servizo Técnico Xurídico as funcións de apoio á Xunta electoral. Tendo en conta a experiencia doutros anos electorais, este proceso xera unha cantidade importante de recursos que han de resolverse en prazos moi axustados establecidos legalmente, e cuxo estudo e resolución debe compaxinarse co resto das tarefas que forman parte dos cometidos do servizo.

Ademais da tramitación dos expedientes anteditos, tamén lle corresponde ao Servizo Técnico Xurídico emitir informe sobre a admisibilidade das solicitudes das axudas cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, o que supón que na práctica totalidade de ordes de subvencións da Consellería se ten que comprobar polo Servizo Técnico Xurídico se os solicitantes de axudas cumpren os requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento 508/2014, do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, no que se refire á comisión de infraccións graves, o que supón examinar a situación de cada unha das persoas solicitantes de axudas e comprobar na base de datos de expedientes sancionadores as infraccións que no seu caso cometesen.

No Servizo resólvense tamén as solicitudes de suspensión condicional previstas no artigo 151.1 da Lei 11/2008, de 3 de decembro de Pesca de Galicia. Isto implica a comprobación do cumprimento dos requisitos por parte dos solicitantes, así como a verificación de que seguen a cumprirse

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



durante o tempo de suspensión concedido, e finalmente a remisión da sanción ou a revogación da suspensión condicional, no caso de incumprimento, continuando coa execución da sanción imposta.

Precísase polo tanto reforzar a estrutura do Servizo Técnico Xurídico coa creación desta xefatura de sección que se ocupe de realizar estas tarefas de comprobacións e seguimentos, de forma que permita unha distribución máis racional e eficiente do traballo, o que repercutirá na redución de tempos de tramitación, evitando a indesexable acumulación de expedientes.

Dependendo directamente da Vicesecretaría Xeral, está o posto de TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVO (PEC020000115770017), nivel 20, reservado á escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos (subgrupo A1), creado na RPT publicada no ano 2018 para dar cumprimento ao artigo 38 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia. Durante o tempo transcorrido dende aquela intentouse a cobertura do posto en distintas ocasións mediante o seu anuncio en comisión de servizos, todas elas sen éxito por non presentarse aspirantes. Este posto, de acordo coa citada lei, configúrase como o máximo responsable técnico en materia de arquivos na Consellería do Mar, correspondéndolle o funcionamento do sistema de xestión documental, a elaboración de estudos de identificación que posibiliten a eliminación legal de documentación pública, a transferencia, localización e préstamos de documentos, así como o asesoramento a todo o persoal da consellería en temas de patrimonio documental. A entidade e importancia de todas estas funcións para a consellería aconsellan reclasificar o posto incrementando o seu nivel ao 24.

Así mesmo, propónse para o posto de PORTEIRO/A MAIOR (PEC020000015770064) incluír o requisito de formación específica 954: PERMISO CONDUCIR B (R.I.), xa que este posto realiza *tarefas de condución ademais das propias do posto de traballo*, circunstancia que figurará na columna de observacións.

Amortízanse os seguintes postos de traballo na Secretaría Xeral Técnica, vacantes e sen ocupar:

PEC020000015770023.....POSTO BASE SUBGRUPO C1

PEC020000015770057.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC020000015770059.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



PEC020000015770061.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC020000015770062.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC020000015770066.....SUBALTERNO/A

PEC020000015770067..... SUBALTERNO/A

PEC020000115770002.....SECRETARIO/A DO/A VICESECRETARIO/A
XERAL

PEC020000215770002.....SECRETARIO/A DO/A SUBDIRECTOR/A XERAL

A.3.- DIRECCIÓN XERAL DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica variou a súa estrutura coa aprobación do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, en virtude do que cedeu o Servizo de Coordinación e Control de Fondos á nova Subdirección Xeral de Planificación, Seguimento e Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, coa nova denominación de Servizo de Verificación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca. Os postos que dependían deste servizo permanecen neste centro directivo e pasan á dependencia directa da Subdirección Xeral de Innovación Tecnolóxica, á que xa pertencían (os códigos PEC030000115770052 e 054 pasan a ser respectivamente PEC030000115770004 e 005).

Dentro desa mesma subdirección xeral, que coa nova modificación da estrutura orgánica en tramitación pasa a denominarse Subdirección Xeral de Competitividade da Cadea Mar-Industria, no posto XEFATURA DE SERVIZO DE INNOVACIÓN TECNOL. DAS INDUSTRIAS (PEC030000115770026), que na actualidade está reservado á escala de veterinarios (ESV), propónse dar cabida tamén á escala de ciencias, especialidade de bioloxía (ESC1), xa que facilita a cobertura do posto e o persoal desta especialidade ten a formación axeitada para o correcto desenvolvemento do traballo.

A Subdirección Xeral de Pesca e Mercados da Pesca pasa a denominarse coa nova modificación en trámite da estrutura orgánica Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar, e das tres que tiña, conserva unha única xefatura de servizo, a XEFATURA DE SERVIZO DE MERCADOS (PEC030000215770050) que é a unidade dende onde se vertebra a ordenación e xestión da comercialización pesqueira da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais de coñecemento biolóxico sobre os recursos a comercializar é preciso aportar tamén nesta unidade coñecemento sobre etiquetado, hixiene,

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



trazabilidade pesqueira e seguridade alimentaria. Por iso se estima necesario que este posto, actualmente reservado á escala de ciencias, especialidades de bioloxía e de ciencias do mar (ESC1/ESC3), pase a reservarse á escala de ciencias, especialidade de bioloxía, e á escala de veterinarios (ESC1/ESV).

Pasa a depender do Servizo de Mercados o posto de TÉCNICO/A (PEC03000015770007), que a pesar de desenvolver as súas funcións dende hai anos na Subdirección Xeral de Pesca e Mercados da Pesca, ten dependencia directa da dirección xeral na RPT, polo que con este cambio quedaría correctamente ubicado co código PEC030000215770063.

Dependendo do Servizo de Mercados propónse a creación dunha XEFATURA DE SECCIÓN DE APOIO ÁS ORGANIZACIÓNS DE PRODUTORES (PEC030000215770060), de nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1, e da área funcional económica-orzamentaria. A tarefa de atención ás OPPs lévase realizando no Servizo de Mercados dende o ano 2013. A parte do recoñecemento de novas OPPs, que é un procedemento laborioso de por si, estas organizacións levan apareladas a autorización dos Plans de Producción e Comercialización, as aprobacións dos informes anuais, a xestión das ordes de axudas correspondentes, a elaboración e realización dos controis oficiais e a correspondente coordinación coa Secretaría Xeral de Pesca. Este traballo foi crecendo ao longo dos anos e consecuentemente foille restando capacidade a este servizo para atender ao resto de competencias que ten asignadas (comercialización, promoción, calidades diferenciadas, etc...), polo que dado que estas organizacións son cruciais para o posible acceso a fondos europeos por parte dos produtores pesqueiros e acuícolas, precísase a creación deste novo posto que poida dedicarse especificamente a esta tarefa.

Dentro do Servizo de Mercados encóntrase a Sección de Promoción dos Produtos Pesqueiros, cuxas tarefas, a grandes trazos son as seguintes: promoción dos produtos do mar en feiras autonómicas, nacionais e internacionais (facilitando a presenza de empresas galegas coexpositoras baixo o paraguas da Consellería nestes eventos que para elas sería impensable facer de xeito individual), coordinación de eventos de promoción dos produtos do mar, elaboración de material promocional e merchandising, tramitación contable de expedientes derivados de Acordos entre a Consellería do Mar e Amtega destinados á construción ou á evolución informática de aplicacións do propio servizo ou das distintas unidades da dirección xeral, contratos, convenios e campañas de promoción de fomento do consumo de produtos do mar e de loita contra o furtivismo...

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Esta amplitude de tarefas e a existencia dunha sola xefatura de negociado dependente da sección fai que a carga de traballo sexa moi ampla para o persoal do que dispón. Ademais, a diversidade da natureza dos asuntos a tramitar tamén fan aconsellable a división dos mesmos en dúas orientacións: unha destinada á promoción do consumo e outra vencellada a internacionalización e busca de novos mercados para os produtos do mar. Deste xeito poderíase racionalizar a xestión e especializar as funcións a desenvolver por cada xefatura de negociado, podendo abarcar de mellor maneira a carga de traballo e reforzar a atención á xestión, ao sector vinculado a esta área administrativa e ás persoas beneficiarias das accións promovidas.

Por todo o anterior, propónse a creación dunha XEFATURA DE NEGOCIADO PARA A PROMOCIÓN DO CONSUMO (PEC030000215770058), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2 e o cambio de denominación da actual Xefatura de Negociado de Promoción dos Produtos Pesqueiros que pasa a ser a XEFATURA DE NEGOCIADO PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DOS MERCADOS DOS PRODUTOS DO MAR (PEC030000215770059).

Dentro da Subdirección Xeral de Acuicultura, está a XEFATURA DE SERVIZO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA DA ACUICULTURA (PEC030000315770050) reservada a Administración Xeral; de acordo coa vixente estrutura orgánica ten como funcións: planificación, coordinación, execución e control das medidas e actuacións en materia de acuicultura; xestión e desenvolvemento dos instrumentos de planificación e ordenación da actividade da acuicultura; seguimento e control da actividade de acuicultura e, en xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados en razón da súa competencia pola dirección xeral; todo isto xustifica a necesidade de que a praza estea reservada exclusivamente á escala de ciencias, especialidade de bioloxía (ESC1).

Créase a Subdirección Xeral de Pesca, que asume dous servizos xa existentes cedidos pola nova Subdirección Xeral de Valorización dos Produtos do Mar: a XEFATURA DE SERVIZO DE PESCA (PEC030000415770015) e a XEFATURA DE SERVIZO DE ANÁLISE E DE REXISTROS (PEC030000415770070), cos postos dependentes das citadas unidades, que consecuentemente deben recodificarse, manténdose o resto das súas características.

Amortízanse os seguintes postos de traballo nesta dirección xeral, vacantes e sen ocupar:

PEC030000015770015.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC030000015770016.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



PEC030000015770018.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC030000015770020.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

A.4.- DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro non varía a súa estrutura, pero considérase necesaria a creación dos seguintes postos de traballo:

1.- XEFATURA DE SECCIÓN ADMINISTRATIVA (PEC040000315770066), de nivel 25, subgrupos A1, A2 e C1, dentro do Servizo de Planificación, na Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico. De acordo coa vixente estrutura orgánica, o Servizo de Planificación ten atribuídas as seguintes competencias:

-Xestión das medidas de conservación e protección da fauna e flora acuática en áreas de interese pesqueiro.

-Xestión de actuacións en materia de estudo, avaliación e seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura

- Cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral en razón da súa competencia.

A citada unidade está integrada por un xefe de servizo e a Unidade Técnica de Baixura formada por un equipo de observadores a bordo (9 persoas), un Equipo de Analistas da Sección Técnica de pesca de baixura (5 biólogos), un equipo de analistas da Sección Técnica de Medio Mariño (3 biólogos) e a Unidade Cartográfica (1 técnico en cartografía).

O Servizo de Planificación non dispón de ningunha estrutura de carácter administrativo polo que o responsable da xefatura ten que realizar todo o traballo de carácter administrativo do servizo (axudas de custo, nocturnidade, contratacións, subministración de equipos, etc.), polo que resulta imprescindible dotalo con este posto de traballo que se ocupará das diversas tarefas de carácter administrativo que se desenvolven na citada unidade.

2.- XEFATURA DE NEGOCIADO DE APOIO Á FORMACIÓN (PEC040000115770040), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2, dentro do Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras, na Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais. As funcións que ten encomendadas o dito servizo son as seguintes:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



A coordinación, programación e xestión das ensinanzas náutico e marítimo-pesqueiras nos centros dependentes da Consellería do Mar; a elaboración de estudos sobre funcionamento das ensinanzas e perfeccionamento do profesorado; a elaboración da memoria das actividades dos centros; servir de canle nas relacións entre os centros, a Administración educativa e outras entidades públicas e privadas; a programación e execución da formación e a reciclaxe dos/as profesionais do sector; a emisión e rexistro das titulacións náuticas de pesca e lecer; e, en xeral, cantos asuntos lle sexan encomendados pola dirección xeral, en razón da súa competencia.

A carga de traballo no servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras é moi elevada durante todo o ano; así, tramítanse entre 10.000 e 12.000 expedientes soamente no que se refire a tramitación dos títulos de lecer, dos títulos profesionais náutico pesqueiros e dos títulos de mergullo profesional; pero durante os meses de primavera-verán increméntase notablemente a carga de traballo debido as convocatorias ordinarias e extraordinarias dos exames de lecer, a convocatoria de carácter libre das probas para obter os títulos de mariñeiro/a pescador, patrón/patroa local de pesca, patrón/patroa costeiro polivalente e a programación da formación non regrada nos portos de Galicia. Todo isto, provoca un notable aumento do número de solicitudes para obter as titulacións de lecer e as titulacións náutico pesqueiras no referido período.

Debido ao cambio lexislativo motivado pola publicación do Real Decreto 36/2014, do 24 de xaneiro, polo que se regulan os títulos profesionais do sector pesqueiro (BOE núm. 41, do 17/02/2014) e o Real Decreto 875/2014, do 10 de outubro, polo que se regulan as titulacións náuticas para o goberno das embarcacións de lecer (BOE núm. 247, do 11/10/2014) o Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras ten que asumir tamén a impresión dos títulos de lecer e dos títulos profesionais náutico pesqueiros, co notable aumento de carga de traballo que isto supón para o seu persoal, realizando a dixitalización e asociación das fotografías os expedientes, impresión dos títulos e das cartas, ensobrado, listado de correos, etc. Este traballo antes estaba externalizado. Na actualidade estas tarefas, xunto coa atención aos/as usuarios/as, tanto presencial como telefonicamente, corresponden fundamentalmente ao persoal da Sección de Rexistro das Titulacións Náutico Pesqueiras.

Esta situación provoca unha sobrecarga de traballo difícil de asumir para as persoas que actualmente desempeñan estas funcións. A este sobre esforzo hai que engadirlle as constantes chamadas telefónicas dos/as usuarios/as demandando a resolución dos seus procedementos, especialmente dos

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



titulares de títulos e tarxetas profesionais que as precisan para poder traballar ou obter un posto de traballo. Para poder facer fronte a esta sobrecarga de traballo, xa arrastrada desde fai tempo, considérase necesaria a creación dunha xefatura de negociado.

3.- XEFATURA DE NEGOCIADO GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA III (PEC040000215770093), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2, dentro do Servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca, na Subdirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Este servizo conta na actualidade con unha sección e dous negociados. Están así mesmo adscritos ao servizo cinco interinos contratados con cargo a medida 7.1 do FEMP xa que a principal carga de traballo do servizo é a xestión da prioridade 4 do FEMP.

Para mellorar o funcionamento do servizo faise necesario contar cunha nova xefatura de negociado que dea soporte as tarefas e permita unha mellor organización dun traballo que tal e como se expón a continuación aumenta ano a ano dende a creación de este servizo e que supón unha carga administrativa cada vez maior e que para mellorar en eficacia e eficiencia necesita a incorporación dun novo negociado.

No marco das convocatorias de axudas ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativo (EDLP) polos Grupos de acción Local do Sector Pesqueiro (medida 4.1.2) resoltas entre 2016 e 2020, e xestionadas polo servizo de Desenvolvemento das Zonas de Pesca foron financiados máis de 500 proxectos. A execución do programa de axudas atopase por riba do 70%, o que permite asegurar novas convocatorias nos anos 2021 e 2022, e que é acorde co establecido no artigo 65.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, que establece o 31.12.2023 como data límite para os gastos subvencionables.

A media de solicitudes presentadas nesta medida supera os 200 proxectos anuais, o que supón un volume elevado de iniciativas presentadas que xunto co investimento realizado acredita a relevancia deste programa para as zonas costeiras. Tendo en conta que os proxectos son plurianuais, a medida que transcorre o programa, o traballo administrativo multiplícase ao coincidir no tempo ata tres convocatorias de axudas.

Na prioridade 4 inclúese así mesmo a execución de 8 convenios de colaboración cos GALP o que supón a revisión das contas xustificativas trimestrais dos beneficiarios e o seguimento da súa actividade. A execución de estes convenios está prevista ata o fin de 2022.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



No ano 2020 iniciouse a execución dunha nova medida do FEMP, a 1.1.4 tras a modificación necesaria do Programa Operativo Español do FEMP en decembro de 2019, de xeito que a primeira convocatoria de axudas se resolveuse neste ano e sendo necesario realizar novas convocatorias nos anos 2021 e 2022 para conseguir a súa execución.

De acordo cos datos dos que dispoñemos a carga de traballo actual non soamente se manterá senón que incluso se verá incrementada debido á superposición de convocatorias plurianuais e ao inicio da execución da nova liña de axudas. O volume de traballo do servizo incrementase de forma exponencial con cada convocatoria xa que os proxectos son plurianuais e as tarefas asociadas a súa xestión superpóñense no tempo podendo coincidir na mesma anualidade proxectos de varias convocatorias (existindo dúas fases de resolución en cada anualidade) colapsando o funcionamento do servizo.

Pola experiencia de programas anteriores podemos afirmar que o fin do programa do FEMP non supón no caso do desenvolvemento local participativo unha diminución da carga de traballo senón que pola contra, aumenta polas súas especiais peculiaridades xa que para evitar a perda de financiación é necesario superpoñer a fase de nova selección dos grupos co peche do programa o que suma as esixencias administrativas e a carga de traballo.

Todo o exposto xustifica a creación dunha xefatura de negociado nesta unidade.

Amortízanse os seguintes postos de traballo nesta dirección xeral, vacantes e sen ocupar:

PEC040000015770007.....POSTO BASE SUBGRUPO C1

PEC040000015770011.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC040000015770029.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC040000315770100.....TÉCNICO/A (reservado a persoal laboral do grupo I, categoría 10)

A.5.- XEFATURAS TERRITORIAIS

En virtude da modificación do artigo 38.6 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, operada pola Lei 18/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, propónse abrir a cobertura dos postos de Xefe/a Territorial a persoal sanitario, docente e da Administración de xustiza.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Nas Xefaturas Territoriais, a nova estrutura orgánica modificou a denominación dos dous servizos que dependen das mesmas; así, os Servizos de Recursos Mariños pasan a ser Servizos de Desenvolvemento Pesqueiro e os Servizos de Competitividade e Innovación Tecnolóxica pasan a ser Servizos de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Isto supón a modificación da denominación dos correspondentes centros de destino e tamén dos postos de xefatura de servizo responsables dos mesmos, que conservan o resto das súas características; no caso dos primeiros son do subgrupo A1, reservados á escala de ciencias, especialidade de bioloxía ou ciencias do mar, e abertos a outras Administracións (A11), e os segundos son dos subgrupos A1/A2, de Administración Xeral e reservados a funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (AXG).

NOVA RPT			CORRESPONDENCIA RPT ANTERIOR	
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	CÓDIGO ANTERIOR	DENOMINACIÓN ANTERIOR
IDEM	XEFATURA SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	28	PEC991090215001001	XEFATURA SERVIZO DE RECURSOS MARIÑOS
IDEM	XEFATURA SERVIZO DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	28	PEC991090315001001	XEFATURA SERVIZO COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
IDEM	XEFATURA SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	28	PEC991090227650001	XEFATURA SERVIZO DE RECURSOS MARIÑOS
IDEM	XEFATURA SERVIZO DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	28	PEC991090327650001	XEFATURA SERVIZO COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA
IDEM	XEFATURA SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	28	PEC991090236560001	XEFATURA SERVIZO DE RECURSOS MARIÑOS
IDEM	XEFATURA SERVIZO DE PESCA, ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	28	PEC991090336560001	XEFATURA SERVIZO COMPETITIVIDADE E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A nivel inferior de servizo, as Xefaturas Territoriais reorganízanse de modo que os dous servizos que dependen delas recollerán na RPT os postos de traballo con funcións que son competencia dos mesmos, e que ata agora figuraban dependendo directamente da Xefatura Territorial; deste modo, quedará reflectida a dependencia funcional real dos postos.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
 Edificio Administrativo San Caetano, s/n
 15781 Santiago de Compostela
 T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Ademais considéranse necesarias algunhas outras modificacións puntuais que mellorarán a configuración e efectividade dos servizos periféricos:

- Na Xefatura Territorial da Coruña propónse a conversión dos POSTOS BASE SUBGRUPO C1, de nivel 14, en XEFATURAS DE GRUPO, do mesmo nivel, abertas aos subgrupos C1 e C2. Esta opción non incrementa a dotación das prazas afectadas (PEC99100015001014, 015, 016, 017, 018, 020 e 021), e permitiría unha máis fácil cobertura ao poder ser ocupadas tamén por persoal do subgrupo C2.

- Propónse tamén engadir na RPT ao posto de SUBALTERNO/A (PEC991000015001034) as observacións: "CANDO SEXA VACANTE INCLUIR EN FORMACIÓN ESPECÍFICA: PERMISO CONDUCIR B (R.I.)" e "CANDO SEXA VACANTE MODIFICAR ESPECÍFICO". Nesta xefatura territorial só existe esta praza de subalterno/a que non realiza tarefas de condución polo que o persoal que utiliza habitualmente os vehículos vese na obriga de encargarse de levalos ao taller, lavados, ITV e similares; ademais, as tarefas que ocasionalmente requiren o uso de automóbil (recollida taxas, desprazamentos ao arquivo...) están sendo realizadas por outro persoal da xefatura. Por estas razóns, propónse a dita modificación, para que cando se cubra por outra persoa distinta á actual, estea garantido que teña o permiso requirido para realizar estas tarefas de condución e que lle sexan retribuídas co correspondente incremento do complemento específico.

- Propónse a creación dunha praza de TÉCNICO/A FACULTATIVO/A DE RECURSOS MARIÑOS (PEC991090215001024), de nivel 24, reservada á escala de ciencias, especialidade de bioloxía, na Xefatura Territorial da Coruña, con formación específica "954: Permiso de conducir B (R.I.)" e a observación de "Horario Especial", dependendo da Sección de Coordinación Técnica, para unha mellor organización do traballo e reparto de zonas deste tipo de persoal.

- Ademais considérase necesaria a creación nesta mesma xefatura territorial de tres postos de XEFATURA DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO (PEC991000015001003, PEC991000015001004 e PEC991000015001005), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2, que veñan a cubrir o déficit deste tipo de postos que ten a Xefatura Territorial da Coruña (5 postos) con respecto ás outras (8 en Celeiro e 9 en Vigo) e que presten apoio á xefatura nas materias da súa competencia.

- Amortízanse os seguintes postos de traballo na Xefatura Territorial da Coruña, vacantes e sen ocupar:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



PEC991000015001024.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC991000015001026.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC991000015001027.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

PEC991000015001028.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

- Na Xefatura Comarcal de Ribeira propónse a creación dun posto de XEFATURA DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO (PEC993000015720038), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2, que reforce o conxunto da actividade administrativa na dita unidade, sobre a que hai que ter en conta que:

- Atende as confrarías de: Rianxo, Cabo de Cruz (Boiro) A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Aguiño, Palmeira, Porto do Son, Portosín, Muros, Noia, Lira e Pindo. Sen esquecer a Cooperativa Ría de Arousa-Abanqueiro,

- Xestiona 717 bateas dos polígonos da Pobra do Caramiñal e Ribeira.

- O rexistro funciona para toda a comarca do Barbanza e para todas as administracións, non só a da Consellería do Mar.

- Abrangue os seguintes concellos: Boiro, Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira, Brión, Carnota, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son.

Coa creación deste posto acadarase unha maior eficiencia e axilidade na tramitación de expedientes e unha mellor atención ao cidadán nos procedementos xestionados, entre outros os seguintes:

- PE401L - Outorgamento das modalidades de recursos específicos no permiso de explotación para embarcación e da acreditación para a explotación do percebe.

- PE401F - Renovación de modalidades de recursos específicos no permiso de explotación para embarcación.

- PE401M - Inclusión e actualización nas listaxes para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos.

- PE405B - Autorización para inmersión e concursos ou campionatos de pesca marítima de recreo.

- Realizar as baremacións nos procedementos: PE401B, PE401L, PE401M

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- As aperturas dos plans de explotacións mensuais.
- Amortízase o seguinte posto de traballo nesta mesma xefatura comarcal, vacante e sen ocupar:

PEC993000015720005.....TÉCNICO/A

- Na Xefatura Territorial de Vigo, a XEFATURA DE SECCIÓN DE PESCA (PEC991090236560009) ten nivel 22, mentres que o posto equivalente da Xefatura Territorial da Coruña (PEC991090215001011) ten nivel 25; non obstante, a responsabilidade e carga de traballo dos dous postos son similares.

Ambos asumen actualmente as competencias de xestión e tramitación dos seguintes procedementos:

- PE401A: Outorgamento de permisos de explotación para embarcacións
- PE401E: Transmisións de permisos de explotación para embarcacións
- PE401C: Traslados de permisos de explotación para embarcacións
- PE401G: Cambios de porto de base de barcos de pesca e auxiliares cultivos mariños dentro do ámbito territorio da xefatura territorial
- PE405A: Licenzas de pesca recreativa de superficie, submarinas e de embarcación.
- PE405B: Campionatos de pesca recreativa e Inmersións en zonas prohibidas

Participan, informando, nos procedementos de:

- Reactivación de buques pesqueiros
- Autorización de buques auxiliares do percebe
- Cambios de porto base de barcos de pesca e auxiliares cultivos mariños entre provincias e entre comunidades autónomas.
- Aprobación de plans de explotación marisqueira

Ademais de informar, participar e colaborar en tódalas cuestións que teñan que ver coa pesca e cos barcos de pesca.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Na Consellería do Mar, esta xefatura de sección é a única que ten nivel 22, sendo case inexistentes xefaturas de sección deste nivel no resto da administración, razón pola que se entende imprescindible a equiparación do posto de XEFATURA DE SECCIÓN DE PESCA (PEC991090236560009) da Xefatura Territorial de Vigo, actualmente vacante e ocupado en comisión de servizos, co posto equivalente da Xefatura Territorial da Coruña, elevándoo ao nivel 25.

B.- MANTEMENTO DO SISTEMA DE PROVISIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DE NIVEL 28

De acordo co establecido no artigo 92 e na disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a libre designación será a forma de provisión das vicesecretarías xerais, subdireccións xerais, secretarías territoriais e xefaturas territoriais, secretarías de altos cargos e excepcionalmente daqueles postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

No DOG nº 44, do 4 de marzo de 2016, foi publicada a Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Con base no anterior, na RPT aprobada no ano 2018 a maioría dos postos de nivel 28 pasaron a ter como forma de provisión a de concurso específico, e as cinco excepcións aprobadas fixéronse tendo en conta as competencias atribuídas ás unidades afectadas na estrutura orgánica da Consellería do Mar en relación cos criterios de excepcionalidade establecidos na precitada Resolución do 25 de febreiro de 2016.

Dado que as competencias desas unidades non variaron esencialmente coa aprobación do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, que aprobou a estrutura orgánica da Consellería do Mar, nin van variar coa da norma que o modifica (en tramitación), e seguen encaixando nos citados criterios, mantense a forma de provisión de libre designación para os postos seguintes:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	DEPENDENCIA	CRITERIO DE EXCEPCIONALIDADE
PEC010000115770015	XEFATURA SERVIZO DE PROTECCIÓN DE RECURSOS	SUBDIRECCIÓN XERAL DE GARDACOSTAS DE GALICIA	Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia: A coordinación ou dirección de funcionarios que, como titular dun posto, exerce sobre as decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia
PEC010000115770060	XEFATURA SERVIZO BUSCA, SALV. MARÍTIMO E LOITA CONTRA A CONTAMINACIÓN	SUBDIRECCIÓN XERAL DE GARDACOSTAS DE GALICIA	Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia: A coordinación ou dirección de funcionarios que, como titular dun posto, exerce sobre as decisións do persoal ao seu cargo e que teñen a capacidade de tomar decisións que supoñan a limitación de dereitos de propiedade, de libre circulación e residencia de persoas, ou outros dereitos individuais en situacións de emerxencia
PEC010000115770080	XEFATURA SERVIZO INSPECCIÓN E CONTROL DOS RECURSOS	SUBDIRECCIÓN XERAL DE GARDACOSTAS DE GALICIA	Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia: Toma de decisións sobre a posta en marcha dunha alerta sanitaria e as accións incluídas nela.
PEC040000015770110	XEFATURA SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia: Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.
PEC994020136600001	DIRECTOR/A	CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS	Especial responsabilidade por dirixir centros con características singulares. Centro de investigación e innovación en que se desenvolvan proxectos que poidan supoñer unha vantaxe competitiva para Galicia.

C.- SERVIZO DE GARDACOSTAS DE GALICIA

Para un mellor aproveitamento dos seus efectivos, no Servizo de Gardacostas de Galicia propónse unha reorganización consistente en:

1º - Crear un novo centro de destino coa denominación "UNIDADE OPERATIVA DE GARDACOSTAS (PORTOSÍN)"; esta unidade existe *de facto*, con instalacións físicas e dotación de vehículos, embarcación e material, pero sen os postos necesarios para o seu funcionamento.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



2º - Dotar de persoal ao novo centro de destino "UNIDADE OPERATIVA DE GARDACOSTAS (PORTOSÍN)", coa creación de:

- Un (1) posto de "XEFATURA DE UNIDADE OPERATIVA"
- Tres (3) postos de "PATRÓN/OA"
- Tres (3) postos de "MECÁNICO/A"
- Tres (3) postos de "VIXILANTE-MARIÑEIRO/A"

3º - Dotar de persoal ao centro de destino "UNIDADE OPERATIVA DE GARDACOSTAS (FERROL)", centro de destino xa existente con instalacións físicas e dotación de vehículos, embarcación e material, pero que conta unicamente cun posto, a Xefatura de Unidade Operativa, polo que se propón a creación de:

- Dous (2) postos de "PATRÓN/OA"
- Dous (2) postos de "MECÁNICO/A"
- Tres (3) postos de "VIXILANTE-MARIÑEIRO/A"

4º - Amortizar os seguintes postos do Servizo de Gardacostas de Galicia, vacantes e sen ocupar:

PEC010000115770044.....INSPECTOR/A (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

PEC991091036560004.....INSPECTOR/A (VIGO)

PEC010000115770051.....SUBINSPECTOR/A (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

PEC010000115770054.....SUBINSPECTOR/A (SANTIAGO DE COMPOSTELA)

PEC991091015510020.....MECÁNICO/A (MUXIA)

PEC993001015720020.....MECÁNICO/A (RIBEIRA)

PEC993001015720022.....MECÁNICO/A (RIBEIRA)

PEC993001036590021.....MECÁNICO/A (VILAGARCIA DE AROUSA)

PEC991091015001038.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (A CORUÑA)

PEC991091015001041.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (A CORUÑA)

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



PEC993001015720048.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (RIBEIRA)

PEC993001015720049.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (RIBEIRA)

PEC991091027650037.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (CELEIRO)

PEC991091027650039.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (CELEIRO)

PEC991091036560034.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (VIGO)

PEC991091036560041.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (VIGO)

PEC991091036560042.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (VIGO)

PEC991091036560043.....VIXILANTE-MARIÑEIRO/A (VIGO)

D.- RECLASIFICACIÓN DE POSTOS RESERVADOS A PERSOAL DA ESCALA DE CIENCIAS, ESPECIALIDADE BIOLOXÍA E/OU CIENCIAS DO MAR

Os servizos periféricos da Consellería do Mar están dotados cunha serie de postos de traballo reservados á escala de ciencias, especialidade de Bioloxía e/ou especialidade de Ciencias do Mar que están ocupados maioritariamente por un colectivo de persoal biólogo, coñecidos coloquialmente como "biólogos de zona", que realiza tarefas fundamentais para o desenvolvemento das competencias da consellería. As tarefas habituais e a responsabilidade que lles é exixible a estes postos, actualmente de nivel 22, son as seguintes:

A. TAREFAS HABITUAIS:

- Avaliación e adaptación dos plans de xestión marisqueira tanto de moluscos bivalvos como para recursos específicos (percebe, equinodermos, solénidos, algas, peneira, anemones e poliquetos, así como calquera outro que determine a consellería mediante a aprobación do correspondente plan de xestión) que presentan tanto as Confrarías como asociacións do sector.
- Seguimento técnico biolóxico sobre a idoneidade dos plans de xestión aprobados pola Consellería do Mar mediante a análise de determinados indicadores correspondentes á actividade: de esforzo, capturas, tallas, ingresos, etc. así coma a realización de mostraxes para a avaliación do estado das poboacións dos recursos.
- Asesoramento ás entidades ou mariscadores sobre as cuestións técnico biolóxicas que afectan ao desenvolvemento do plan de xestión ou sobre novas propostas de explotación mediante plans de nova incorporación.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- Avaliación da situación produtiva dos recursos pesqueiros e marisqueiros.
- Seguimento dos procesos de semicultivo nos bancos marisqueiros: sementeiras, emenda de substrato, limpeza de algas no litoral, arados de zonas en explotación, rareos de densidades, traslados e resembras. Para cada una destas actuacións debe realizarse un informe técnico biolóxico vinculante previo á súa autorización.
- Informes sobre as instalacións de acuicultura nos procedementos de outorgamento do título habilitante así como para as prórrogas do establecemento ou cambios de dominio. Así mesmo, avaliación do impacto das tomas de auga ou das conducións de saída de efluentes na contorna litoral.
- Informes sobre a afectación nos recursos mariños por actuacións no litoral: recheos de zonas intermareais e submareais, rexeneración de praias con áridos, dragaxes, autorizacións de vertido ao medio mariño, ...
- Naqueles casos nos que é necesario, apoio na recollida de mostras para o INTECMAR así como o rexistro de variables ambientais cos sensores multiparamétricos do INTECMAR en cumprimento do Programa de Control das Zonas de Producción.
- Participación e/ou colaboración en accións ou proxectos de investigación de interese para a consellería tanto en centros propios coma noutros centros doutros organismos .
- Certificación e realización das actas *in situ* das actuacións das entidades do sector vinculadas ás melloras de produtividade e conservación da biodiversidade no marco dos plans de xestión, en relación a axudas a proxectos financiados tanto por fondos propios da Consellería do Mar coma de fondos europeos.

B. RESPONSABILIDADE:

- Os plans de xestión marisqueira están regulados, na actualidade, polo Decreto 153/2019, 20 de novembro de 2019, 9 de novembro (DOG num.233) no que se establece que ditos plans terán unha vixencia de 3 anos e nos que se indicarán una serie de obxectivos biolóxicos, ecolóxicos e socioeconómicos e que serán avaliados por medio de indicadores e niveis de referencia, en cumprimento da normativa de protección do medio mariño establecida mediante a Directiva marco sobre as estratexias mariñas (DMEM) e a lei de protección do medio mariño. Nas estratexias mariñas desenvoltas para acadar un bó estado ambiental, o traballo dos técnicos terá unha gran relevancia na recollida de información e análise sobre, entre outros, os

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



seguintes descritores: D1 Biodiversidade, D2 Especies alóctonas, D3 Especies explotables e D10 Basuras mariñas.

Ademais, os plans de xestión ao levar consigo unha avaliación continua terán en consecuencia que a avaliación pode supoñer o incremento dos números de permisos a ofertar durante a vixencia do plan como na súa renovación tanto en número de mariscadoras, de cupos en embarcacións ou de inclusión de novas embarcacións e por tanto de postos de traballo.

- Informes de apertura ou peches da explotación, así como das modificacións precisas que se soliciten para ir adecuando a explotación exercida á situación existente en cada momento. As entidades poden plantear actuacións de semicultivo que deberán ser informadas favorablemente polo equipo de técnicos facultativos, neste informe debe avaliarse o impacto sobre o medio e a súa conveniencia.
- O impacto das actuacións de todo tipo sobre o litoral, que debe contar con informes da afectación sobre os recursos mariños.
- Os pagos das actuacións sometidas ás convocatorias de axudas precisa as certificacións e as actas realizadas *in situ* sobre a execución dos proxectos presentados e ademais para a súa aprobación precisan o informe favorable do técnico facultativo.
- A renovación do outorgamento do título habilitante dos parques de cultivo e as posibles prórrogas cada cinco anos, así como os cambios de dominio, deberán presentar un informe de produción das especies en explotación, que deberá ser avaliado por este persoal.

A todo isto, débese sumar que parte do traballo que se realiza pode formar parte do seguimento de actuacións en espazos naturais protexidos que forman parte da Rede galega de espazos naturais (parque nacional, parques naturais, Rede Natura 2000, humedais RAMSAR, reservas da biosfera), Rede de detección de especies exóticas presente ou de nova introdución, por medio de peticións de información que poida realizar a consellería competente en medio ambiente para os plans de conservación dos diferentes espazos ou de especies.

Este colectivo de persoal funcionario leva anos solicitando a mellora das súas condicións de traballo, concretamente a reclasificación de todos eses postos ao nivel 24, quedando así equiparados aos do persoal funcionario tanto da mesma escala coma do mesmo corpo da Administración especial do grupo A1 e que teñen responsabilidades e traballos equiparables.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Analizando as tarefas e as responsabilidades descritas, dedúcese facilmente que este tipo de persoal ten que realizar, por razón do seu traballo, desprazamentos habituais ao longo do territorio galego para poder recabar os datos necesarios para realizar o seguimento (controis de tallas, reunións co sector, visitas aos puntos de control, realización de mostraxes, inspección de instalacións de acuicultura e parques de cultivo, seguimento das actuacións de diversa índole que se realicen na contorna do litoral); por esta razón, os postos deben levar asociado como requisito para a súa ocupación estar en posesión do permiso de conducir de tipo B, engadíndose na columna de formación específica o código "954: Permiso de conducir B (Requisito indispensable)".

Por outro lado hai que ter en conta que as tarefas que teñen que desenvolver fóra do seu centro de traballo, acostuman a depender das mareas, polo que é habitual que adapten o seu horario a esta circunstancia, non sendo raro que se traballe de tarde ou se saia fóra do horario laboral establecido; esta dispoñibilidade horaria debe quedar reflectida incluíndo na columna pertinente a observación de "Horario especial".

A publicación do Decreto 50/2021, que aprobou a vixente estrutura orgánica da Consellería do Mar, e a modificación en trámite do mesmo aconsellan reforzar todas as tarefas e responsabilidades atribuídas a este tipo de persoal, que son cruciais para o correcto funcionamento das unidades nas que prestan servizos; neste senso, debemos destacar que neste momento os postos non teñen atribuído un horario especial nin a exigencia de ter o permiso de conducir, condicións ambas que son imprescindibles para o seu correcto desempeño, e que non obstante actualmente dependen da voluntariedade das persoas que os ocupan. Por este motivo, para asegurar, por unha banda, que os postos son provistos por persoal que cumpre as condicións de desempeño reais, e por outro, que ese persoal ten a correspondente compensación profesional e retributiva, resulta necesario que esas peculiaridades na prestación de servizos queden recollidas na RPT, así como o incremento de nivel correspondente.

As particularidades ata aquí descritas para este colectivo, deben polo tanto ser trasladadas á RPT, de modo que os postos afectados pasarán a denominarse TÉCNICO/A FACULTATIVO/A DE RECURSOS MARIÑOS, incrementando o seu nivel do actual 22 ao nivel 24, engadindo a formación específica "954: Permiso de conducir B (R.I.)" e incluíndo na columna de observacións a de "Horario Especial".

Os postos afectados son os seguintes:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



CÓDIGO	CARACTERÍSTICAS ACTUAIS	MODIFICACIÓNS PROPOSTAS
PEC991000015001006	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000015001007	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000015001008	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000015001009	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000015001010	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000015001038	Técnico/a en Zonas e Instalacións de Produción, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000015350004	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000015350005	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000015720006	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000015720028	Técnico/a en Zonas e Instalacións de Produción, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000027650035	Técnico/a en Zonas e Instalacións de Produción, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000027650037	Técnico/a en Zonas e Instalacións de Produción, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000036001008	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000036560006	Técnico/a (Gabinete Estatística), N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000036560007	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000036560009	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000036560041	Técnico/a en Zonas e Instalacións de Produción, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC991000036560043	Técnico/a en Zonas e Instalacións de Produción, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000036590010	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000036590011	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000036590012	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial
PEC993000036590013	Técnico/a, N-22	Pasa a ser "Técnico/a Facultativo/a de Recursos Mariños", N-24 Engadir formación específica 954 e Horario especial

E.- POSTOS DA ESCALA DE PROFESORES/AS NUMERARIOS DE INSTITUTOS POLITÉCNICOS MARÍTIMO-PESQUEIROS

POSTOS DA ESPECIALIDADE DE NAVEGACIÓN MARÍTIMA

Resulta necesaria a modificación dos postos denominados PROFESOR/A - ESPEC. NAVEGACIÓN MARÍTIMA, no apartado correspondente a Formación específica; así, onde pon 435-436-544 propónse que se especifique do seguinte xeito: 435 ou 436 e 544. Os postos afectados son os seguintes:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



-PEC994030115350004, 005, 009 e 015, da EONP de Ferrol.

-PEC994030115720003, 004, 008 e 009 da EONP de Ribeira.

-PEC994030136560003, 006, 010, 011, 020, 025 e 027, do IPMP de Vigo.

Actualmente, na columna de formación específica destes postos figuran tres códigos, 435-436-544, que se corresponden respectivamente coas seguintes formacións: TÍTULO PROFESIONAL DE CAPITÁN DA MARIÑA MERCANTE (R.I.) - TÍTULO PROFESIONAL DE PILOTO DA MARIÑA MERCANTE (R.I.) - MÁSTER UNIVERSITARIO EN FORMACIÓN DO PROFESORADO OU EQUIVALENTE (R.I.), de xeito que semella que son necesarias as tres distintas formacións requiridas para o seu desempeño; pero isto non é así.

A modificación requirida deriva consideración de que a materia a impartir polos ocupantes das ditas prazas é a de navegación marítima e tendo en conta as atribucións recoñecidas no Real Decreto 973/ 2008, de 12 de xuño sobre Titulacións de Mariña Mercante e a esixencia de formación específica recollida nos artigos 21 e 22 da Orde FOM/2296/2002 e na RESOLUCION de 18 de xuño de 2013, da Dirección General de la Marina Mercante, pola que actualizan, e modifican os cursos de formación e os seus programas, recollidos na Orde FOM/2296/2002, de 4 de setembro, pola que se regulan os programas de formación dos títulos profesionais de Marineros de Puente e de Máquinas de la Marina Mercante, e de Patrón Portuario, así como os certificados de especialidade acreditativos da competencia profesional.

A xustificación desta modificación xa foi efectuada na memoria remitida pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para a última modificación da RPT no ano 2018, na que se dicía en relación con este tipo de postos: (sic) “... *dado que a materia que vai a impartir o titular da praza e a de navegación marítima, resulta axeitada a esixencia da titulación de piloto (en calquera das súas clases) ou Capitán da Mariña mercante, en consonancia coas atribucións recoñecidas no Real Decreto 973/2009 e a esixencia de formación específica recollida Orde FOM/2296/2002 e a Resolución do 18 de xuño de 2013*”. Non obstante, esta proposta non se trasladou exactamente á RPT pois no se tivo en conta o carácter alternativo das titulacións de Capitán da Mariña Mercante ou de Piloto da Mariña Mercante, que debe recollese correctamente. Deste modo, solicítase que estes postos teñan as seguintes formacións específicas: 434: TÍTULO PROFESIONAL DE CAPITÁN DA MARIÑA MERCANTE OU DE PILOTO DA MARIÑA MERCANTE (R.I.) e 544: MÁSTER UNIVERSITARIO EN FORMACIÓN DO PROFESORADO OU EQUIVALENTE (R.I.).

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Ademais, un destes postos, en concreto o codificado como PEC994030115350004 dependente da EONP de Ferrol, foi obxecto do fallo da sentenza 394/2019 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no PO 392/2018, que anulou a RPT aprobada no ano 2018 no relativo ao apartado de formación específica do posto con código PEC994030115350004 e ordenou a inclusión dentro do dito apartado da licenciatura en navegación e transporte marítimo. Polo exposto, neste caso particular, o posto deberá contar na columna de formación específica coas seguintes: 442: TÍTULO PROFESIONAL DE CAPITÁN DA MARIÑA MERCANTE OU DE PILOTO DA MARIÑA MERCANTE OU LICENCIATURA EN NAVEGACIÓN E TRANSPORTE MARÍTIMO (R.I.) e 544: MÁSTER UNIVERSITARIO EN FORMACIÓN DO PROFESORADO OU EQUIVALENTE (R.I.).

AMORTIZACIÓN DUN POSTO DA ESPECIALIDADE DE FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL DO IGafa E CREACIÓN NA EONP DE RIBEIRA:

A Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira dispón na actualidade dun cadro docente formado por 15 efectivos, dos cales, hai 14 que ocupan postos da RPT asignada ao centro e 1 docente en réxime de comisión de servizos por acumulación de tarefas procedente do IGafa. Esta comisión de servizos leva varios cursos académicos en vigor polo que xa non se pode falar de razóns puntuais que a motiven, senón de necesidades permanentes que aconsellan un cambio na RPT que recolla a realidade dos centros implicados; neste caso, trataríase de eliminar na RPT do IGafa o posto PEC994030136235001, PROFESOR/A – ESPEC. FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL e crear un posto de idénticas características na EONP de Ribeira (PEC994030115720015).

As razóns deste cambio de centro de destino do IGafa para a EONP de Ribeira son as seguintes:

- a) A funcionaria titular do posto da EONP de Ribeira, tras comunicación da posible non renovación da súa comisión de servizos por máis tempo, formula escrito o 08.03.2022, no que solicita que se reconsidere a decisión de non prorrogar a dita comisión de servizos, ou se opte por unha solución que permita a súa continuidade no centro.
- b) O centro carece dunha praza de Formación e Orientación Laboral (FOL), materia que se imparte nos tres ciclos formativos do centro.
- c) O IGafa dispón de catro prazas relacionadas con FOL dentro do seu cadro docente. Neste sentido, a funcionaria en comisión de servizos non tiña carga lectiva para impartir esta materia no IGafa. Sen embargo, na EONP de

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Ribeira constátase que ten cuberta toda a carga lectiva regulamentaria ademais de formar parte de cargos docentes e órganos colexiados.

d) O mantemento desta praza supón atender á PXA do centro, tanto no ensino regrado como no ensino non regrado:

No ensino regrado: 1º curso do Ciclo Medio de Máquinas de 4 horas semanais; 1º curso do Ciclo Superior de Máquinas de 4 horas semanais, e 1º curso do Ciclo Medio de Ponte de 4 horas semanas. Cun total de 12 horas semanais.

No ensino non regrado: cursos de mariscador/a a pé, mariscador/a percebeiro/a, e habilidades sociais. Cunha carga lectiva mínima de 8 horas semanais.

e) Este posto de traballo asume cargos docentes e representa a órganos colexiados: asume a xefatura do Departamento de Normalización Lingüística; a titoría do 1º curso do Ciclo Medio de Ponte; e forma parte do Consello Escolar do Centro. Cun mínimo de 4 horas semanais.

f) Como se pode comprobar, o posto asume unha carga lectiva importante, así como a asunción de cargos docentes e representación de órganos colexiados que permite facer unha mellor distribución horaria no cadro de profesorado, facendo posible acadar os obxectivos de ensino, optimizar ao máximo ás posibilidades lectivas da escola, facendo a maior oferta de ensino posible, adaptando a oferta aos distintos colectivos.

POSTO DE PROFESOR/A NUMERARIO/A DA ESPECIALIDADE DE MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA

No IGafa, considérase necesario que o posto de PROFESOR/A - ESPEC. MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA, con código PEC994030136235020, se abra á titulación de Licenciado/a/Grao en Enfermería e na columna de formación específica que figure como mérito estar en posesión do MÁSTER EN MEDICINA SUBACUÁTICA E HIPERBÁRICA (código de formación 443).

O deseño curricular do título de Técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas, impartido no IGafa e no que intervéñ como docente este posto de traballo, indica a titulación do profesorado e figuran como válidas a licenciatura/grao en medicina e o grao en enfermería. Por esta razón, está xustificando que se abra o posto a esta última titulación, porque queda garantido o correcto desempeño do posto, único da súa especialidade no centro, e amplía as posibilidades de cubri-lo en caso de substitución ou vacante.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



F.- CREACIÓN DUN POSTO DE OFICIAL 1ª DE MANTEMENTO NA EONP DE FERROL

A EONP de Ferrol conta na actualidade cun único oficial de mantemento que realiza as tarefas propias da súa categoría profesional tendo que atender a totalidade de infraestruturas, instalacións e equipamento integradas na EONP. Tendo en conta que a EONP *conta coas seguintes infraestruturas*: Centro docente, residencia de estudantes, Aula de Seguridade e Aparcamento e Xardín exterior e *coas seguintes instalacións*: eléctrica, conexión a internet, auga quente sanitaria, calefacción, saneamento e rede de sumidoiros, depuración, depósitos e canalizacións de gas propano e gas-oil, refrixeración, depuración de augas para a piscina e sistema de detección de incendios. Tamén *conta cos seguintes equipamentos*: Caldeira de calefacción, Cociña de gas de oito lumes, Lavadoras e secadoras industriais, Pasadora de rodillo, Simuladores diversos, Proxectores, Bombas hidrantes contra lumes, etc. Polo anterior, debido á carga de traballo do centro, considérase necesario dotar a EONP de Ferrol dunha nova praza de OFICIAL 1º DE MANTEMENTO (PEC994030115350064), coas mesmas características que o posto da citada categoría que xa existe no centro.

G.- CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, exerce funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente as referidas as áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía. O CIMA está integrado polo Centro de Investigacións Mariñas de Vilanova de Arousa e o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo.

Para o desenvolvemento da acción investigadora o centro conta con persoal de servizos, entre os que se atopa o persoal administrativo. Cada vez son máis as necesidades de contar con persoal que poida realizar tarefas de control de todo o proceso administrativo e contable e con maior especialización en procesos ofimáticos e con coñecementos en dixitalización e manexo de programas informáticos que permitan o control das accións e proxectos de investigación así como a esixencia de manexar plataformas específicas para a xustificación de fondos e seguimento. Así mesmo, a actualización da normativa de contratación así como do seguimento e xustificación dos fondos financeiros, empregados nas, cada vez máis esixentes, accións e proxectos de investigación, aconsellan contar con persoal administrativo con coñecementos axeitados. Por este motivo,

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



proponse a creación no centro de Vilanova de Arousa dun posto de XEFATURA DE NEGOCIADO DE SEGUIMENTO DE ACCIÓNS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN (PEC994020136600047), de nivel 18, subgrupos A2, C1 e C2, e con formación específica 343: CERTIFICACIÓN GALEGA DE COMPETENCIAS DIXITAIS EN OFIMÁTICA (DECRETO 218/2011) (MÉRITO).

Tamén figura na RPT do CIMA o posto co código PEC994020136600070, que foi recentemente modificado en virtude da publicación no DOG nº 120, do 25/06/2021, da Resolución do 24 de xuño de 2021 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xuño de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral. Cómpre destacar que esta relación de postos de traballo, ademais de recoller aqueles postos do persoal laboral fixo que superou os procesos de funcionarización correspondentes, figuran tamén outros postos de persoal laboral que non acadou a condición de persoal funcionario, e que polo tanto, seguen ocupados por persoal laboral, que no caso de ser fixo, mantén a titularidade do posto. Este é o caso deste posto, anteriormente denominado ORDENANZA e reservado a persoal laboral do grupo V, categoría 3, que pasou a estar reservado a persoal funcionario, coa denominación de SUBALTERNO/A, nivel 10, pero que segue ocupado polo seu titular, persoal laboral fixo da citada categoría adscrito con carácter definitivo ao posto. Actualmente este é o traballador que ten que asumir as tarefas de condución necesarias para o centro, polo que correspondería modificar o posto de traballo de xeito que se recolla por un lado a existencia de estar en posesión do permiso de conducir, engadindo na columna de formación específica o código "954: Permiso de conducir B (R.I.)", a observación "E32: Tarefas de condución, ademais das propias do posto de traballo" e o incremento correspondente do complemento específico, xa que o posto é de persoal funcionario; non obstante, ao estar ocupado por persoal laboral fixo, ao que a funcionarización do mesmo non debería minorar as retribucións ás que ten dereito, a modificación debe incluír a garantía de que o titular perciba como persoal laboral fixo o complemento de singularidade de posto correspondente, neste caso, o de responsabilidade (B12), por non ser as tarefas de condución propias da súa categoría; engádese por este motivo a observación E54: OCUPADO POR LABORAL FIXO CON DEREITO A PERCIBIR COMPLEMENTO "B12".

Amortízase o seguinte posto de traballo neste centro, vacante e sen ocupar:

PEC994020136600036.....POSTO BASE SUBGRUPO C2

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



Por último, no que respecta ao persoal técnico investigador, debe ter adquiridas unha serie de competencias que permitan abarcar o amplo espectro da ciencia e a investigación que se vincula ao mar como ecosistema complexo e diverso. A estrutura actual do CIMA, que inclúe o Centro de Cultivos Mariños (CCM) de Ribadeo, está repartida nas áreas de patoloxía de moluscos, procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños e acuicultura (de peixes e moluscos). A evolución das actividades científicas debe de ser recollida nun reparto axeitado das prazas con funcións investigadoras (19 postos no CIMA e 4 postos no CCM) en función das competencias que debe achegar o persoal investigador dentro dun ecosistema de investigación actual e moderno.

En primeiro lugar, a bioloxía estuda a vida desde o nivel molecular ata os complexos ecosistemas, incluíndo a biotecnoloxía, a xenética, a botánica, a zooloxía, a ecoloxía, achegando o coñecemento sobre a conservación e xestión do medio. Ademais estuda as interaccións dos individuos das distintas especies, animais, vexetais ou microorganismos entre si e co medio polo que constitúe un dos eixes fundamentais na investigación que se desenvolve no CIMA. Así, a maior parte dos técnicos investigadores do CIMA (16 postos) e os catro do CCM de Ribadeo resérvanse á escala de ciencias, especialidade de Bioloxía.

En segundo lugar, o grao de ciencias do mar proporciona unha formación multi e pluridisciplinar aplicable as actividades pesqueiras, acuicultura, oceanografía, medio ambiente e a súa protección, xestión e ordenación do litoral, turismo sostible, novos recursos alimentarios, minerais de interese industrial e enerxías renovables. Como consecuencia débese contemplar que exista persoal investigador con esta formación que poida enriquecer os obxectivos da investigación, concretamente dous postos no CIMA que se reservan á escala de ciencias, especialidade de Ciencias do Mar.

En terceiro lugar, os procesos bioquímicos son a base da vida; se a isto se suma a importancia que teñen os parámetros físico-químicos no funcionamento do ecosistema mariño claramente alterado pola evolución do cambio climático, faise necesario contemplar a presenza de persoal investigador con formación química, que axude a dar un enfoque multidisciplinar á investigación mariña; por este motivo, resérvase un posto do CIMA á escala de ciencias, especialidade de Química.

Por outra banda, o European Research Career Framework (2011) describe catro perfís en dito itinerario, que son independentes de calquera sector en particular (universidades, institucións de investigación, empresas ou ONG):

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



- Investigador/a R1: Investigador/a en fase inicial. Persoas que realizan investigacións baixo supervisión na industria, institutos de investigación ou universidades. Inclúe ás persoas que están cursando un doutorado.
- Investigador/a R2: Investigador ou investigadora recoñecida. Personar cun título de doutorado que non estableceran un nivel significativo de independencia, así como os investigadores e investigadoras cun nivel equivalente de experiencia e competencia.
- Investigador/a R3: Investigador/a consolidado/a. Desenvolven un nivel de independencia.
- Investigador/a R4: Investigadores e investigadoras principais. Lideran a súa área ou campo de investigación. Incluiría a persoa xefe de equipo dun grupo de investigación ou a persoa responsable dun laboratorio de I+D da industria.

O informe de actividade do Grupo técnico da Comisión Interdepartamental de I+D+i da Xunta de Galicia, recollendo as propostas do proxecto de Lei de reforma da Lei da Ciencia, da Tecnoloxía e da Innovación, recolle que a incorporación ao sistema de ciencia corresponderase con ter suficiencia investigadora que serán aquelas persoas que estean na posesión do título de doutor ou equivalente e que desenvolverán un certo grao de independencia coincidindo co perfil R3.

Como consecuencia deste Marco Europeo da Carreira Investigadora e da reforma da Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, débese contemplar para o persoal investigador do CIMA e do CCM, o requisito de ser doutor ou doutora cun perfil R3 para consolidar a carreira investigadora.

H.- INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO

Para levar a cabo as súas funcións o INTECMAR conta con dous tipos de persoal: Persoal laboral propio, un total de 55 postos do cadro de persoal, e persoal funcionario e laboral da Consellería do Mar, adscrito a este Instituto, un total de 30 postos recollidos na relación de postos de traballo da Consellería do Mar.

A Xerencia do INTECMAR ten atribuídas entre outras tarefas de xestión económico-orzamentaria, contratación, xestión de persoal, tramitación administrativa de expedientes, rexistro, custodia e arquivo documental e

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



control de acceso e comunicacións, dando servizo a todo o Intecmar, e ten asignados unicamente catro postos (unha Xefatura de Negociado, dous Auxiliares Administrativos e un/ha Subalterno/a) que actualmente dan servizo a todo o centro. Concretamente, o posto de XEFATURA DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO (PEE010000036590005), ten asignadas as seguintes tarefas:

- Aplicación SEF: mecanizar e validar todas as facturas recibidas, completando os expedientes de gasto.
- Aplicación XUMCO2: tramitación completa e rexistro facturas de gastos, tramitación completa de ingresos, función de usuario de tesouro.
- Aplicación XEITO: seguimento do ingreso de taxas (Xeito).
- Tramitación completa de expedientes de contratación administrativa, utilizando o Xestor de expedientes de contratación (PLATION), a aplicación SILEX e o manexo de outras ferramentas como a PCPG.
- Apoio á Xerencia en materias contable, orzamentaria, de tesouraría e de contratación administrativa.

A área Económico-orzamentaria, é sen dúbida a que é mais necesario reforzar, polo que se solicita a inclusión do posto na área funcional correspondente (ECO).

No que se refire aos aspectos técnicos do centro, hai que ter en conta que conforme ao artigo 37 do Regulamento (UE) 2017/625 do Parlamento Europeo e do Consello do 15 de marzo de 2017 (Regulamento de controis oficiais), as autoridades competentes só poderán designar como laboratorio oficial un laboratorio que, entre outros aspectos, "conte con persoal suficiente coa cualificación, a formación e a experiencia axeitadas e funcione de acordo coa norma EN ISO/IEC 17025 e estea acreditado de acordo con dita norma por un organismo nacional de acreditación que funcione de conformidade co Regulamento (CE) nº 765/2008".

A Unidade de Patoloxía do INTECMAR leva a cabo o programa oficial de control patolóxico de moluscos bivalvos de Galicia, mediante ensaios acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC) coa intención de coñecer a situación zosanitaria de cultivos e bancos naturais das principais especies comerciais e de dar cumprimento á lexislación. E de destacar que en abril de 2009 converteuse no primeiro laboratorio de España

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



acreditado para diagnóstico das patoloxías de moluscos de declaración obrigatoria.

Os resultados obtidos na Unidade de Patoloxía do INTECMAR son trasladados ao Ministerio de Agricultura e Alimentación (MAPA) nas comunicacións semestrais, solicitadas segundo o Real Decreto 617/2007, e no informe epidemiolóxico anual da nosa comunidade autónoma. Esta información é incorporada ao informe epidemiolóxico español, que o Laboratorio Nacional de Referencia de Enfermidades de Moluscos Bivalvos presenta nas reunións anuais do Laboratorio Comunitario de Referencia no marco da Directiva 2006/88/CE.

Outra misión fundamental desta Unidade, cuxa responsabilidade recae no posto de Técnico/a en Patoloxía, de nivel 22, é o procesado de mostras para diagnóstico de patoloxías que puideran estar asociadas a episodios de mortalidades de moluscos bivalvos en Galicia.

O posto require ademais de carné de conducir e horario especial por mor das frecuentes saídas de campo, asistencia a actividades externas e imprevistos que ao longo da xornada é preciso resolver sen poder adiarse traballos técnicos para xornadas posteriores.

Por todo isto, e dado que está plenamente xustificada a necesidade, e para equiparar este posto aos dos centros de investigación da Consellería do Mar, propónse o cambio de nivel do posto do Intecmar de TÉCNICO/A EN PATOLOXÍA (código PEE010000036590024), incrementándose o seu actual nivel 22 ao 24, engadindo a formación específica "954: Permiso de conducir B (R.I.)" e a observación de "Horario Especial", e manténdose o resto de características do mesmo.

Por outro lado, durante o ano 2019, no Intecmar evidenciouse a necesidade dunha modificación no seu cadro de persoal propio, motivada pola obriga no cumprimento da normativa de aplicación á súa esencial actividade de control do medio mariño, aplicación das disposicións legais en materia técnico sanitaria dos produtos do mar e asesoría técnico científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no seu ámbito de actuación. Esta modificación supuxo, entre outras cuestións, a creación de tres postos no cadro de persoal propio do ente, concretamente, un Titulado/a Superior na Unidade de Biotoxinas, un/ha Analista de Laboratorio nesa mesma unidade e un/ha Analista de Laboratorio na Unidade de Metais Pesados.

Para dotar eses novos postos no Intecmar, comprometeuse a dotación de catro postos vacantes e sen ocupar de distintas confrarías de pescadores da Consellería do Mar, xa que no que respecta a estes postos, de acordo co

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



expediente de tramitación e a exposición de motivos da Lei 5/2003, do 27 de outubro, pola que se declarou a extinción da escala específica prevista na disposición transitoria quinta da Lei 4/1988, do 26 de maio, a Consellería do Mar está procedendo a amortizar tódolos postos de traballo que van quedando vacantes nas confrarías de pescadores, para reutilizar o seu crédito orzamentario nun mellor aproveitamento dos seus recursos de persoal. Estes postos, que se inclúen tamén no apartado en que se relacionan os postos de confrarías de pescadores que se amortizan na presente proposta, son os codificados como PEC994010115710024 (Posto Base Subgrupo C2, Rianxo), PEC994010215700032 (Lonxeiro/a, Portosín), PEC994010127500020 (Secretario/a Confraría tipo B, Ribadeo) e PEC994010136230020 (Secretario/a Confraría tipo B, A Guarda).

Ademais, o 24.09.2021 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea, nº L339/84, o Regulamento (UE) 2021/1709 da Comisión, do 23 de setembro de 2021, pola que se elimina o método de bioensaio en rato para a determinación das toxinas PSP e é imperativo o seu análise polo método descrito na norma EN14526, método de referencia baseado na cromatografía de líquidos con detección por fluorescencia. Este regulamento entrou en vigor aos 20 días da súa publicación no DOUE e a súa aplicación supuxo outro incremento no tipo e no volume de traballo específico que realizan as persoas xefas da unidade para o manexo de equipos instrumentais, interpretación dos resultados das análises obtidos polos novos métodos, e a emisión de informes. Cabe engadir que recentemente INTECMAR foi designado Laboratorio Nacional de Referencia (LNR) de Biotoxinas Mariñas mediante Resolución do 30.09.2021 da Directora Executiva da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN). As funcións derivadas desta designación (asesoramento aos laboratorios oficiais, organización e asistencia a reunións) recaen principalmente sobre as persoas xefas da Unidade de Biotoxinas polo que é convinte dar apoio a este persoal reforzando o equipo humano da unidade.

Polo anterior, foi creado outro posto de Titulado/a Superior na Unidade de Biotoxinas e, como no caso anterior, para dotalo procedeuse á supresión da dotación de postos de confrarías de pescadores, vacantes e sen ocupar, concretamente dous postos codificados como PEC994010127650010 (Posto Base Subgrupo C2, Celeiro) e PEC994010136500034 (Lonxeiro/a, Portonovo), que se inclúen tamén no apartado de amortizacións deste tipo de postos.

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



I.- SUPRESIÓN OU INCLUSIÓN DA OBSERVACIÓN "OCUPADO LABORAL FIXO" OU SIMILARES, EN DETERMINADOS POSTOS DE TRABAJO

Propónse a supresión nalgúns postos de traballo da observación que neste momento teñen sobre a súa ocupación, que segundo o caso é "ocupado laboral fixo", "ocupado por persoal laboral fixo a extinguir" ou "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo"; isto débese a que na actualidade xa non están ocupados polo tipo de persoal ao que se refire a observación concreta de cada caso.

destino	código posto	denominación actual	modificación
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PEC02000001577018	Posto base subgrupo A1	Eliminar observación
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	PEC02000001577071	Subalterno/a	Eliminar observación
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	PEC991000015001016	Posto base subgrupo C1 (cambia a xefatura grupo)	Eliminar observación
XEFATURA TERRITORIAL A CORUÑA	PEC991000015001018	Posto base subgrupo C1 (cambia a xefatura grupo)	Eliminar observación
ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE RIBEIRA	PEC994030115720019	Auxiliar Administrativo/a	Eliminar observación
CENTRO CULTIVOS MARIÑOS DE RIBADEO	PEC994020127500008	Posto base subgrupo C1	Eliminar observación
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DE VIGO	PEC994030136560075	Auxiliar Administrativo/a	Eliminar observación
CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS	PEC994020136600037	Posto base subgrupo C2	Eliminar observación
DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	PEC040000315770080	Oficial de 2ª	Eliminar observación
DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO	PEC040000315770089	Oficial de 2ª	Eliminar observación

Por outro lado, desde a publicación da vixente RPT da Consellería do Mar houbo distintas sentenzas que declararon a condición de persoal laboral indefinido non fixo de persoal que ocupa postos de traballo da Consellería do Mar, polo que deberá constar nos mesmos a observación pertinente: "Ocupado por persoal laboral indefinido non fixo".

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



destino	código posto	denominación	modificación
CENTRO DE INVESTIGACIÓN MARIÑAS (VILANOVA DE AROUSA)	PEC994020136600050	Analista de laboratorio	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
CENTRO DE INVESTIGACIÓN MARIÑAS (VILANOVA DE AROUSA)	PEC994020136600056	Encargado/a Xeral	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (ILLA DE AROUSA)	PEC994030136235054	Auxiliar de laboratorio	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (ILLA DE AROUSA)	PEC994030136235058	Auxiliar de laboratorio	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO (VIGO)	PEC994030136560096	Subgobernante/a	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO (VIGO)	PEC994030136560105	Axudante de cociña	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	PEE010000036590078	Analista de laboratorio	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO	PEE010000036590100	Analista de laboratorio	Incluír observación: OCUPADO POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO

J.- POSTOS RESERVADOS A PERSOAL LABORAL DE CATEGORÍAS A EXTINGUIR

Amortízanse os seguintes postos de traballo, vacantes e sen ocupar reservados a persoal laboral de categorías a extinguir:

PEC993000015720056.....CAPATAZ COORDINADOR DE PESCA (GRUPO III, cat. 25) – XC RIBEIRA

PEC993000036001037.....CAPATAZ EXPLOTAC. MARISQUEIRA (GRUPO III, cat. 88) – XC PONTEVEDRA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal



PEC993000036001040.....ENCARGADO/A REDE ESTATÍSTICA (GRUPO III, cat. 24) – XC PONTEVEDRA

K.- POSTOS DE CONFRARÍAS DE PESCADORES

Amortízanse os seguintes postos de traballo destinados en distintas confrarías de pescadores, vacantes e sen ocupar, que desde a declaración a extinguir da escala vanse amortizando a medida que quedan vacantes para reutilizar o crédito noutras necesidades da consellería; nos casos en que procede, por ser o único posto da confraría, elimínase o centro de destino:

PEC994010115390031.....LONXEIRO/A – LAXE

PEC994010115420034.....LONXEIRO/A – MALPICA (elimínase centro destino)

PEC994010115680020.....SECRETARIO/A CONF. TIPO B – PONTEDEUME (elimínase centro destino)

PEC994010215700032.....LONXEIRO/A – PORTOSÍN

PEC994010115710024.....POSTO BASE SUBGRUPO C2 – RIANXO (elimínase centro destino)

PEC994010127500020.....SECRETARIO/A CONF. TIPO B – RIBADEO (elimínase centro destino)

PEC994010127650010.....POSTO BASE SUBGRUPO C2 – CELEIRO

PEC994010136040025.....POSTO BASE SUBGRUPO C2 – BUEU

PEC994010136230020.....SECRETARIO/A CONF. TIPO B – A GUARDA (elimínase centro destino)

PEC994010136500034.....LONXEIRO/A - PORTONOVO

PEC994010136500036.....LONXEIRO/A - PORTONOVO

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela,

A secretaria xeral técnica,

Silvia Cortiñas Fernández

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 038 – 881 995 339
sxt.mar@xunta.gal

